

BIEITO ROMERO.

(A Coruña 3.10.1964).



Músico. Técnico especialista en instalacións e liñas eléctricas, non chegou a exercer coma tal practicamente xa que a súa paixón é a música, á que se adica dende unha idade temperá. Pertenceu a diversas formacións de prestixio coma o grupo de danza e música tradicionais Xacarandaina da Coruña, ou mesmamente o Ballet galego Rei de Viana. Fundador do grupo folk Luar Na Lubre no ano 1986, percorreu toda Galicia, España e máis de 25 países acadando grandes recoñecementos, premios e importantes experiencias vitais.

Con Luar na Lubre levou a cabo centos de concertos, gravou once traballos discográficos, unha longametraxe documental e participou coma compositor e músico con outros grupos e solistas que van dende Mike Oldfield a Mago de Oz. Colaborador de diferentes emisoras de radio dende os anos noventa, actualmente compaxina o seu traballo na música coa dirección do programa “Un mundo de músicas”, en RadioVoz.

O seu interese pola simboloxía comezou na década de 1980, xunto con outros traballos referidos ás cubertas vexetais, hórreos, camposantos galegos, música, etc., nunha recompilación de día a día que no caso dos símbolos tradúcese nun arquivo de máis de 1.000 imaxes procedentes de distintos lugares de Galicia e tamén de diferentes países polos que ten viaxado. A idea de facer este libro parte da importancia de amosar a riqueza simbólica descoñecida e proxectada ata hoxe dende tempo inmemorial, de evidenciar o deterioro que ano tras ano sofre este importante legado patrimonial galego esmorecente (algúns dos símbolos recollidos neste traballo non existen na actualidade), e a posible preservación dos que aínda sobreviven e que están nun ameazante perigo, polo que ésta é unha chamada de atención á sensibilidade desde unha perspectiva humilde e de compromiso.

Traxectoria

A súa afección pola música comezou de moi novo, interesándose polas músicas tradicionais e de raíz de Galiza e dos países celtas. Con trece anos iniciouse coa gaita galega maila á dificultade que supuña avanzar musicalmente naqueles momentos para este tipo de música.

Aos poucos anos creou xunto con outros músicos coruñeses formacións musicais nas que desenvolvía a súa aprendizaxe, como Adro, Neboeiro ou Roi Xordo, coas que fixo varias actuacións.

No ano 1986, e xa cunha formación musical máis madura, creou Luar na Lubre, grupo co que acadou o maior dos seus éxitos, logrando traspasar fronteiras, conseguindo premios, vendas e recoñecemento como ningún grupo galego fixera antes.

Participa paralelamente a Luar na Lubre en distintas formacións folclóricas e etnográficas de recoñecido prestixio, como o grupo de música e bailes tradicionais Xacarandaina ou o Ballet Galego Rei de Viana, nos que desenvolveu un importante labor no eido musical.

Foi profesor de gaita durante moitos anos, chegando a formar a Banda de Gaitas Os Rexumeiros, na que participaban prestixiosos gaiteiros alumnos da súa escola, como Susana Seivane, Brais e Iago Maceiras, Luisa Sarmiento ou Xan Xove.

Compositor de máis de 200 temas, foi versionado por diferentes grupos e mesmo un dos seus temas, "O Son Do Ar", foi adaptado polo músico británico Mike Oldfield, sendo o tema que abre o seu CD *Voyager*, converténdose probablemente na canción de orixe galega máis versionada no mundo.

Colaborou con diferentes grupos e de moi distintos estilos como Mago de Oz, Ophiusa, Lucía Pérez, Cómplices, Pablo Bicho, Os Diplomáticos de Monte-Alto, Ghandi, Brigantya ou Brandania.

Foi produtor de todos os traballos discográficos de Luar Na Lubre e traballou con artistas de diferentes estilos que teñen colaborado nos seus discos como Hevia, Ismael Serrano, Pablo Milanés, Lila Downs, Adriana Varela, Donal Lunny, Mairtin O'Connor, Nollaig Casey, Diana Navarro, Pat Kilbride, Miro Casabella etc.

No ano 2010 e por encargo da produtora de cine Filmanova, compuxo e gravou a banda sonora da película "Doentes" baseada na novela de Roberto Vidal Bolaño e dirixida por Gustavo Balza.

Na actualidade o seu traballo céntrase en Luar na Lubre á vez que dirixe en Radio Voz o programa Un Mundo De Músicas, adicado ás músicas étnicas de todo o planeta.

Discografía

Con Luar na Lubre

* <i>O son do ar</i>	(1988)	
* <i>Beira Atlántica</i>	(1990)	
* <i>Ara Solis</i>	(1993)	
* <i>Plenilunio</i>	(1997)	Disco de ouro
* <i>Cabo do mundo</i>	(1999)	Disco de ouro
* <i>XV Aniversario</i>	(2001)	
* <i>Espiral</i>	(2002)	
* <i>Hai un paraíso</i>	(2004)	
* <i>Saudade</i>	(2005)	
* <i>Camiños da fin da terra</i>	(2007)	
* <i>Ao vivo</i>	(2009)	2 CD + DVD
* <i>Solsticio</i>	(2010)	
* <i>Mar Maior</i>	(2012)	

"Sons da lubre nas noites de luar"(2012)

Colaboracións

- Con Xacarandaina: "Xacarandaina" (1990).
- No L.P. de Finalistas do Trofeo Fin de Siglo interpretando a Xota dos 28 puntos e a Muiñeira de Fumaioir (1991).
- Co Grupo de Gaitas do IGAEM (1993).
- Con Ghandi, "Xacobeo ya estoy aquí", no LP *Airiños de Rock and Roll* (1993).
- Cos Diplomáticos de Monte Alto: "Terra Brava", no LP *Aroutada 2* (1993).
- Con Pablo Bicho, "Home de Verés", no CD *Las cosas llegan* (1998).
- Con Brandania, "Nau", no CD *El primer viaje* (2001).
- Con Complices, "María y las caracolas", no CD *Cómplices a veces* (2002).
- Con Briganthya, "Trigallia", no CD *Viaje de bruxas* (2005).
- Con Mägo de Oz, "Creo" e "La cantata del diablo", no CD *Gaia 2, la voz dormida* (2005).
CD *La ciudad de los árboles* (2007).

Audiovisual con Luar na Lubre

Videoclips

- "Tu Gitana" (1997).
- "Chove en Santiago" (1999).
- "El derecho a vivir en paz" (2002).
- "Os animais" (2007).
- "Deja de llorar" (2008) Colaboración con Mago de Oz.

Longametraxes

- *Un bosque de música*, longametraxe documental sobre o grupo dirixido por Ignacio Vilar e editado por "Via Lactea Films" no ano 2004.
- *Doentes*, longametraxe dirixida por Gustavo Balza editada por Filmanova e estreada nos cines de Galicia no ano 2011.

Premios

- 9 "premios da música" concedidos pola SGAE en diferentes modalidades.
- 2 premios "Luar" da TVG.
- Premio Mestre Mateo 2004 pola mellor banda sonora no seu DVD *Un bosque de músicas*.
- 2 discos de Ouro por vendas superiores a 50.000 copias nos seus traballos *Plenilunio* e *Cabo do mundo*.